

Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón (A Coruña)
correo@padron.gal
www.concellodepadron.es
Tfí: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

ANUNCIO DE CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES RELATIVAS AO PLAN RENOVE DE INSTALACIONES ELÉCTRICAS.

ORDE do 9 de marzo de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, relativa ao Plan Renove de instalacións eléctricas comúns, así como a selección de entidades colaboradoras que participarán na súa xestión, e se procede á convocatoria para a anualidade 2017 (códigos de procedemento IN412E-IN412F). (Publicación no DOG núm 52 do Mércores 15 de marzo de 2017).

Beneficiarios: Comunidades de propietarios ou persoas físicas propietarias de edificios de uso residencial con dúas ou máis vivendas.

Obxecto: Axudas para a reforma de instalacións eléctricas comúns dos edificios de vivendas de máis de 25 anos para adaptalas na súa totalidade ao Real decreto 842/2002, do 2 de agosto, polo que se aproba o Regulamento electrotécnico para baixa tensión e as súas ITC.

Contía: A contía da axuda é dun máximo de 150 euros por contador, cun límite máximo de 3.000 euros por instalación. A cantidade da subvención non poderá ser superior ao 25 % do custo total da instalación.

Prazo de adhesión de entidades colaboradoras e de presentación de solicitudes:

O prazo de presentación de solicitudes de adhesión de entidades colaboradoras comezará o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia* e durará 10 días hábiles.


O prazo de presentación de solicitudes de axuda comezará o 2 de maio de 2017 e rematará o 1 de setembro de 2017.

Máis información:

- Páxina web oficial da consellería: <http://economiaeindustria.xunta.gal>
- Os teléfonos da devandita dirección xeral: 881 99 94 29 / 881 99 92 83 / 981 95 72 51.
- O enderezo electrónico: ceei.dxem.axudasenerxia@xunta.gal
- Presencialmente.
- Na oficina de rehabilitación do Concello de Padrón, poden darlle información sobre as axudas e sobre as entidades colaboradoras adheridas nas que se poden presentar as solicitudes.

Padrón, 15 de marzo de 2017

A concelleira de casco histórico,



Asdo. Lorena Couso Dopazo.